

O PAXARIÑO

Letra: María José Álvarez Sánchez

Un pequeno paxariño
tan fermoso e tan lindo,
que cando o ven os nenos
de alegría dan un brinco.

Unha nena moi curiosa
de cerca o quixo ver
e como era tan pequeniño
non o puido coller.

I-o paxariño fermoso
unha cousa se lle ocorreu
colleu a súa libretiña
e voou. Voou, voou.

Un pequeno paxariño
tan fermoso e tan lindo,
que cando o ven os nenos

de alegría dan un brinco.

Entrou pola ventana
do Colexio Nacional,
colleu os seus libriños
e estudiou, estudiou, estudiou.

I-a nena curiosa
de alas puxo a libreta
i-o lápiz fixo de pico
e voou, voou, voou.